

O NETO DE PARADELA

Por: Francisco Piñeiro González

Talvez un dos sinais máis identificativos da esencia galega sexa a de saber mesturar nun só corazón os latexos da esperanza cos da querencia á terra que nos viu nacer. Cando para acadar futuro precisamos voar, a miúdo os sentimentos cargan tan traseiro que, indo aló, na realidade xamais despegamos. Pensamos en redondo, dubidamos, fuximos sen saír e voltamos sen marchar. Nisto, Manuel Orestes Rodríguez López foi e será mestre singular, escollido galego, semente de gardar, o cal non impide que a maioría non soñemos con aprender do seu exemplo percorrendo as súas pegadas ata aquel fatídico martes, trece de febreiro de mil novecentos noventa.

Ironías da vida! Noutra noite de febreiro a emigración levoume en tren; sen coñecelo, eu xa seguía o rastro de Manuel. Era trece de febreiro do setenta e nove, unha noite que pasei en vela mentres o seco vento de Castela me arrincaba do peito, a golpe de biela, os meus máis fondos sentimentos para ir aniñalos de novo na alma da miña aldea galega tal como sete anos antes fixera co ilustre fillo predilecto de Paradela. Agora sei que os brancos poemas da flor do amendoeiro “*ao lumbrigar do día*” eran raios de esperanza, pétalos que Manuel semeara dende a Zona Franca de Barcelona, fachos de sabedoría aos que nos agarramos os transterrados para seguir as pegadas do neno de Randulfe. Agora sei que cando pisei San Cugat del Vallés non estaba só, no aire aboiaba o arrecendo da súa poesía que fixo e me fai sentir a Galiza infinita e o seu valor sen fin que a miúdo me convida a dicir: canto máis mundo se ve máis galego se é.

Voltei, mais velaí que os designios divinos, me levaron a escribir :

“Na distancia o tempo se agranda; a memoria pinta records: guiños de vivos, risas de mortos. ¡Ai do que emigra, séntese orfo! ¡Ai de min, Paradela, se eu non soubera, que xa é hora de voltar, para abrazarte, miña terra, devolverche ó meu pai, traballa-los teus eidos e sua-lo teu pan! Cántame, carro, fálame, auga, escóitame pedra: Aínda que eu morra lonxe, ¡SON NETO DE PARADELA!

Supoño que dende o paradiso dos inmorrentes Manuel Oreste intercedeu para que me abrisen a porta e me concederan ao longo de catro anos consecutivos o privilexio de compartir honras e sentimentos inesquecibles na compañía da súa dona e fillos sempre arroupados pola prestixiosa familia socio-literario-cultural disposta a seguir mantendo vivos na eternidade dos tempos os valores que emanan da vida e obra de Manuel Orestes Rodríguez López con quen sigo mantendo o firme compromiso de servir a Paradela e en xeral á cultura galega democratizando a cultura e coidando a semente para perpetuala entre as xeración futuras pois xa o dixo o poeta: “*Sen picariños do amor as fontes cegarían e a poesía morrería*”.